

MÚSICA

[Música, Angela Schanelec
2023, Alemaña, 108 min., VOSG]

Lingua **Grego, inglés**

Dirección, guión e montaxe **Angela Schanelec**

Fotografía **Ivan Marković**

Son **Rainer Gerlach**

Música **Doug Tielli**

Elenco **Aliocha Schneider, Agathe Bonitzer, Argyris Xafis, Marisha Triantafyllidou, Frida Tarana, Ninel Skrzypczyk, Wolfgang Michael, Miriam Jakob**

Produtora **Faktura film, WDR/ARTE, Les Films de l'Après-Midi, Dart Film, Heretic**

Distribución **Atalante Films**

Abandonado ao nacer nas montañas gregas unha noite de treboada, Jon é acollido e adoptado sen ter coñecido a seu pai nin súa nai. De mozo coñece a Iro, unha celadora da prisión onde está encarcerado tras un tráxico accidente mortal. Iro semella buscar a súa presenza, cóidao e grava música. Cada perda terá a súa contrapartida e ao perder a vista comezará a vivir a súa vida con toda plenitude.

Berlín 2023 (Oso de Prata ao Mellor guión)

Seminci 2023 (Mellor dirección e Mellor fotografía)

NOVEMBRO

Martes 5 **A LOBA**

(William Wyler, 1941, EE UU, 116 min., VOSE)

Luns 11 **OS ANOS DE SUPER 8**

(Annie Ernaux e David Ernaux-Briot, 2022, Francia, 61 min., VOSE)

Martes 12 **A HERDEIRA**

(William Wyler, 1949, EE UU, 115 min., VOSE)

Luns 25 **A FOREIGN SONG**

(César Souto, 2022, Galiza, 82 min., VOSG)

Martes 26 **A CALUMNIA**

(William Wyler, 1961, EE UU, 107 min., VOSE)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](https://www.facebook.com/cineclubepontevedra)



[CineclubPo](https://twitter.com/CineclubPo)

Coa colaboración de:



MÚSICA

ANGELA SCHANELEC

CINECLUBE PONTEVEDRA

ENTREVISTA CON ANGELA SCHANELEC

Que lle levou a tomar a decisión de enfrontarse a Edipo? Hai preguntas na miña vida, e nos meus filmes, para as que non teño resposta. Teñen que ver coa familia e as relacións familiares, así como co destino, o azar, que nos determina e ante o que debemos inclinarnos. O mito de Edipo abrangue todo iso, incluída toda esa dor. Tamén me influíu unha produción teatral que vin cando era unha actriz moi nova.

Edipo de Sófocles na versión de Hölderlin dirixida por Jürgen Gosch, non? Si. O elenco levaba coturnos (as botas de plataforma que os actores de traxedias gregas levaban no escenario) e grandes máscaras. O escenario consistía nunha escaleira que levaba a unha tenda cunha simple abertura a modo de entrada. Edipo saía por esa abertura a cada entrada e volvíase meter por ela ao final de cada escena. Os movementos eran limitados e restrinxidos, aínda máis difíciles polos coturnos. Era unha produción moi física, facía que sentises fisicamente a súa dor. Toda a súa existencia pareceume dolorosa.

E hai un xeito de pasar desa dor á música? Si. Debido á dor, había unha razón, unha necesidade da música. Creo que a idea de que poidamos sobrevivir, que consigamos soportar as nosas vidas ou destinos... Como dicilo? É un pensamento fantástico. Aquí Jon desenvolve a capacidade de enfrontarse ao seu destino, e ese destino é cantar. Canta.

A súa ruptura máis radical co mito clásico é que Edipo, Jon na súa versión, nunca descobre as súas orixes nin a súa culpabilidade. Si. A historia desenvolveuse así a medida que escribía. Aínda que Sófocles foi o meu punto de partida, durante o proceso de escrita, os personaxes xurdiron —coma nos meus outros filmes— como seres humanos e non figuras do mito. Afórrolle a Jon ese coñecemento para que non teña que se sacar os ollos coma Edipo. Cos anos vai perdendo a vista. Non vive coma un home cego no bosque trala morte de Iocasta, senón coa súa filla e entre a xente. Non me interesa o que fai que o mito sexa único, senón máis ben o que pode contarnos hoxe. Todo o demais está no inconsciente do personaxe, que é tamén desde onde xorde o canto de Jon.

Mais Jon non perdoa a Iocasta, que no filme se chama Iro. En última instancia, iso levaraa á morte. Jon non ten nada que reprimir porque non sabe nada e non coñece o seu pasado. Pero Iro si. Agarda, teme, reprime e morre cando xa se sobrepasaron os límites do que pode soportar.

Que lle parecía importante de Luciano, o personaxe de Laio no mito? Para min, Luciano personifica a figura tráxica porque non ten ningunha oportunidade, é inocente, mais debe enfrontarse ao seu destino. Para salvar a nai, abandona o seu fillo logo de nacer. Este fracaso destrózoa, xa non ten un código polo que rexerse, non sabe como actuar en sociedade, e finalmente morre por iso —a mans dun fillo que non coñece. Ve ese mozo e sente unha atracción por el, quere bicalo.

Coido que a súa linguaxe cinematográfica tamén está moi influída pola importación do mito. A imaxinaria é moito máis densa. Penso que se refire ao silencio. A narración desenvólvese a través do que non se di; xorde porque non hai unha linguaxe para iso. Trátase de dar con imaxes para incidentes para os que, na miña opinión, non hai palabras. Coma na vida. Alguén fai algo e garda silencio ao respecto. É algo humano. A linguaxe é un intento de romper un silencio, mais é só iso, un intento. As nosas vidas están cheas de fracasos comunicativos.

En Música, traballa novamente de maneira elíptica. A distancia entre as localizacións remotas e os tempos transcorridos é tan fácil de salvar no seu filme como o era no teatro de antano, en Shakespeare, digamos... A omisión non significa que algo non ocorreu, só significa que non foi visto. Ninguén o cuestiona no teatro. Por suposto, pódese dicir que o filme é o que se ve en pantalla, mais as imaxes só existen porque se decidiu facer algunhas omisións. En realidade, todo o mundo é consciente diso, e se pensamos no proceso de montaxe, é aínda máis obvio. A omisión é un prerequisite da narración. Todo se deriva da omisión: os lugares aos que podo ir, o tempo que podo deixar pasar...

Gustárame volver á música. As cancións que canta Jon son de Doug Tielli. Como o atopou? Foi unha longa procura. As cancións que canta Jon na segunda parte son a súa verdadeira linguaxe, mais eu non podía escribilas. Imaxinábaas, mais custábame atopar as palabras. Estiven escoitando música durante máis dun ano até que dei con Doug Tielli, que vive nunha zona rural de Canadá e a quen coñecín en Toronto. Quedamos, e logo envioume as cancións en que estaba traballando e que aínda non publicara. Non dubidei en apostar pola súa música, foi un golpe de sorte para min, igual có elenco: Aliocha Schneider e Agathe Bonitzer, Marisha Triantafyllidou e Argyris Xafis. Todos foron encontros moi afortunados, tamén cos demais actores de Grecia. Como hai tanto silencio no filme, a atención céntrase cada vez máis nos rostros, os corpos e o movemento: todo xorde deses actores e da natureza.

Texto recollido do pressbook do filme.

Tradución ao galego: Cineclubes Pontevedra.